

CONCERTADA. POR QUE EN 2010 NON COBRAMOS 50 EUROS DE INCREMENTO SALARIAL

16 de marzo de 2018

Na [Resolución](#) do 15 de maio de 2008 pola que se ordena a publicación do Acordo do Acordo do 24 de abril de 2008 entre as as organizacións patronais e as organizacións sindicais da ensinanza privada concertada dise:

O artigo 117, número 4, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que se posibilitará a equiparación gradual da remuneración do persoal docente do ensino privado concertado coa do profesorado público das respectivas etapas.

No camiño desta equiparación na súa cláusula terceira di:

*Terceira.-Con carácter xeral, as nóminas do profesorado en pagamento delegado experimentarán os seguintes incrementos nos anos 2008, 2009 e 2010: por unha parte, a subida que marquen os orzamentos do Estado nos módulos correspondentes, por outra parte, **un incremento interanual do 2% no Complemento Retributivo da Comunidade Autónoma (CRCA)** e ademais os incrementos de 60 € □ brutos mensuais (14 pagas) no ano 2008, de 45 € □ brutos mensuais no ano 2009 e de outros 45 € □ brutos mensuais no ano 2010 para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa. Este último incremento será reducido proporcionalmente no caso de que o profesorado implicado non complete horario de traballo en pagamento delegado.*

Nunca se pagou o acordado para o ano 2010, por que?

Desde o ano 2010 está prohibido polos orzamentos do Sr. Feijoo; desde o 2011 aparece esta prohibición nas disposicións adicionais e neste ano 2018 en concreto na [Disposición adicional novena](#):

Un. No ámbito do ensino privado concertado mantense a suspensión do Acordo do 24 de abril de 2008 (...), no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do 2 por cento no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de 45 euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

Xa está ben dos roubos legais vía DOG, xa está ben desta infamia perpetuada no tempo. Un dos *irresponsables* de educación desta Consellería que nos toca padecer, díxonos no transcurso dunha Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado que tan mal non o estaban a facer cando cada vez tiñan máis votos. Pois ao mellor hai que darlles a razón e a culpa non é deles. Non debería ser así e a súa prepotencia algún día terá que ser castigada.

Agora é o momento; Vía DOG eliminan a posibilidade de cobrar a PEA, vía DOG eliminan a posibilidade de recuperar acordos como este, vía prepotencia non dan opción á recuperación dun acordo de mantemento de emprego. **DESPERTEMOS DO NOSO LONGO SONO.**

Xuntos podemos máis

SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO DA FeSP-UGT ENSINO

ASINA NA WEB:

www.negociacionconcertadaxa.es